



EMENDA Á MOCIÓN PARA MELLORAR A XESTIÓN DA OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS (TERRAZAS)

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o día 27 de setembro de 2018, a seguinte **EMENDA** á moción presentada por este partido para mellorar a xestión da ocupación do espazo público con mesas e cadeiras (terrazas).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comisión Informativa do luns, día 24 de setembro de 2018, acordouse co goberno local a realización desta emenda para a aprobación da moción relacionada.

En consecuencia procedo a **ENMENDAR a moción procedendo a ELIMINAR o punto 2** da mesma que versa:

“2.- Que se proceda a levantar as terrazas que non soliciten a autorización pertinente mentres non cumpran co establecido na ordenanza a efectos de autorizacións.“

En Padrón, a 26 de setembro de 2018

veciños
de Padrón
Rúa Peregrinos, 23 - 15900 Padrón - A Coruña
C.I.F. G-30442959

Dona Teresa Rey Pazos

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN



MEDIDAS PARA MELLORAR A XESTIÓN DA OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS (TERRAZAS)

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno Ordinario da Corporación, do xoves, 27 de setembro, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Realizando a revisión das actas da Xunta de Goberno Local do ano 2017, prestando especial interese no tema das autorizacións e liquidacións por ocupación do espazo público con mesas e cadeiras (terrazas) atopámonos coa seguinte situación: por unha banda temos un grupo maioritario de 29 persoas propietarias de locais hostaleiros de Padrón que solicitaron a autorización correspondente conforme ao establecido na ordenanza municipal e, en consecuencia, pasóuselles a correspondente liquidación da taxa e, doutra banda, un grupo minoritario de once persoas propietarias que non realizaron a solicitude correspondente pero ás que se lles liquidou igualmente a taxa correspondente. Indicar que a maioría das persoas dentro deste último grupo si solicitaran autorización en anos anteriores.

Ante os feitos descritos preguntámonos os motivos polos que antes solicitaban a autorización correspondente e agora non e cal é a diferenza entre molestarse en solicitar a autorización establecida na ordenanza municipal e non facelo.

A resposta a ambas as preguntas están relacionadas: para que me vou a molestar en perder o tempo en preparar e solicitar unha autorización como fixen ata este momento ou como nunca fixen, se ao final estou na mesma situación que aquelas persoas que si solicitan a autorización correspondente e cumpre coa normativa existente. E todo iso tendo en conta que aquelas persoas que non fixeron a solicitude, ata agora, non se lle pasou liquidación algunha.

O feito de que desde o goberno local non se tome ningunha medida para incentivar a aquelas persoas que fan as cousas ben e, pola contra, facilite a vida daquelas que non o están facendo como deben, leva a que a xente deixe de pedir as autorizacións correspondentes, en definitiva, en cumprir coas ordenanzas municipais.


Con independencia a que consideramos que habería que profundar no tema da actualización da regulación da ocupación do espazo público con terrazas (mesas e cadeiras), hoxe propoñemos nesta moción dous acordos que consideramos poden axudar notablemente a mellorar a situación, non só ás persoas hostaleiras, senón tamén ao funcionamento da administración mentres non se realizan cambios máis profundos.

Por todo o anteriormente exposto consideramos que debemos propoñer os seguintes **ACORDOS**:

1.- Que se tomen as medidas necesarias para ampliar o prazo de autorización, en concreto propoñemos a introdución da seguinte cláusula: “ As autorizacións que se concederan para instalacións de terrazas renovarase automaticamente se non se produce modificación ningunha e se ningunha das partes, Administración municipal ou titular, comunica, a súa vontade contraria á renovación.”

2.- Que se proceda a levantar as terrazas que non soliciten a autorización pertinente mentres non cumpran co establecido na ordenanza a efectos de autorizacións.

En Padrón, a 18 de setembro de 2018



Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE
PADRÓN**